

2016

APE GALICIA

Asociación intersectorial e
interterritorial de autónomos e
pequeñas empresas de Galicia

BOLETÍN XUÑO

Axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), da Consellería do Mar

Subvencións para o desenvolvemento de proxectos audiovisuais de produción galega

Premios Smat Commerce

Axudas a plantación de castaños

Premios RSE Galicia 2016

ORDE DO 24 DE MAIO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS PARA PROXECTOS AO ABEIRO DAS ESTRATEXIAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO (EDLP),

(PRAZO DE SOLICITUDE: 9 DE XULLO DE 2016)

Beneficiarios

A Consellería do Mar publicou o pasado 9 de xuño as bases das axudas para proxectos que axuden ao desenvolvemento das zonas de pesca. O prazo de presentación remata o vindeiro 9 de xullo, e o baremo dos proxectos virá marcado polas estratexias de cada zona de pesca

(ver: <http://www.accioncosteira.es>)

Proxectos financiáveis:

1. proxectos produtivos: as actividades que supoñen a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñen unha creación e/ou mantemento de emprego.

2. proxectos non produtivos: os que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica e/ou non estean afectos a unha actividade económica. Así mesmo, terán este carácter os proxectos de interese público que, mesmo constituíndo unha actividade económica ou estando afectados a unha actividade económica, non incidan sobre o réxime de competencia no territorio de que se trate.

Requisitos:

- a) Contribuír aos obxectivos da estratexia de desenvolvemento local participativo (EDLP) aprobada para a zona pesqueira onde se vaian desenvolver.
- b) Estar localizados no ámbito territorial elixible de cada GALP.
- c) Ser viables técnica e economicamente.
- d) Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

Beneficiarios de proxectos de investimento produtivo

Poderán ser beneficiarios dos proxectos de investimento produtivo as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar empadroado ou ter o seu domicilio social e fiscal nalgún concello do ámbito territorial do GALP correspondente.
- b) Desenvolver o proxecto no mesmo ámbito territorial.
- c) No caso de municipios densamente poboados nos que na EDLP non computa a totalidade da poboación (só a integrante do sector pesqueiro e as súas familias), poderán ser beneficiarios:

Beneficiarios de proxectos de investimento no produtivo

1. Poderán ser beneficiarios dos proxectos de investimento non produtivo:

- a) Confrarías de pescadores e as súas federacións.
- b) Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións.
- c) Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro.
- d) Entidades públicas locais.
- e) Asociacións declaradas de utilidade pública.
- f) Entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus **obxectivos, algún dos seguintes:**

- 1º. Fomentar as actividades náuticas.
- 2º. Promocionar os produtos pesqueiros do territorio.
- 3º. Fomentar o ambiente mariño e costeiro.
- 4º. Promover o patrimonio cultural marítimo pesqueiro.

Contía das axudas para investimentos produtivos

- a) A porcentaxe de axuda máxima para proxectos de investimento produtivo ascenderá ao 50 % do gasto subvencionable total da operación.
- b) No caso de operacións vinculadas á pesca costeira artesanal a axuda pódese incrementar ata o 80 %.
- c) No caso de confrarías de pescadores e asociacións profesionais do sector pesqueiro ou asociacións integradas polas entidades mencionadas, a porcentaxe máxima de axuda para os proxectos produtivos non superará o 80 % dos custos dos gastos subvencionables do proxecto, cando a operación responda aos seguintes criterios: interese colectivo, beneficiario colectivo e ofrecer acceso público aos seus resultados.

Contía da axudas para investimentos non produtivos

- a) A porcentaxe de axuda máxima para proxectos de investimento non produtivo ascenderá ao 50 % do gasto subvencionable total da operación.
- b) A porcentaxe máxima de axuda para os proxectos de investimento non produtivo poderá ascender ao 100 % dos custos dos gastos subvencionables do proxecto cando a operación responda aos seguintes criterios: interese colectivo, beneficiario colectivo e ofrecer acceso público aos seus resultados.

En todos os casos, teranse en conta os límites que, se é o caso, se establezan nas respectivas EDLP, no caso de ser inferiores aos establecidos.

Referencia lexislativa:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160609/AnuncioG0427-260516-0001_gl.html

SUBVENCIONS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS AUDIOVISUAIS DE PRODUCCION GALEGA

(PRAZO DE SOLICITUDE: REMATA 13 DE XUÑO 2016)

Beneficiarios/as

1. todas as persoas físicas ou xurídicas, constituídas como **produtoras audiovisuais independentes cunha antigüidade mínima dun ano (epígrafe IAE 9611)**, e con sucursal ou oficina permanente polo menos un ano, previo a esta convocatoria, na Comunidade Autónoma de Galicia ou nun Estado membro da UE ou que forme parte do acordo que establece a Área Económica Europea e que desenvolvan a súa actividade habitual en Galicia. Por produtor independente enténdese, toda persoa física ou xurídica privada que teña a iniciativa e asuma a responsabilidade na produción audiovisual e non sexa obxecto de influencia dominante por parte dun prestador de servizo de comunicación/difusión audiovisual nin dun titular de canal televisivo privado, nin, pola súa parte, exerza unha influencia dominante, tal e como establece a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, artigo 4.n).

2. Os beneficiarios deberán ter un contrato cun director e/ou un guionista para desenvolver algún proxecto dos tipos .

4. quedan excluídos aqueles solicitantes que fosen beneficiarios de axudas nas convocatorias de subvencións da Agad nos dous exercicios anteriores aos da presente convocatoria e incumprisen as bases ou as finalidades establecidas nela, sempre e cando fosen sancionados por iso.

Modalidades

a) Desenvolvemento de proxectos de **longametraxes cinematográficas** de ficción, animación e documentais, cunha duración igual ou superior aos 60 minutos.

b) Desenvolvemento de proxectos de **longametraxes e miniserias** de ficción para televisión. As longametraxes deberán ter unha duración de sesenta minutos ou superior. As miniserias deberán ser de

dous capítulos cunha duración mínima de 52 minutos cada un.

c) Desenvolvemento de proxectos de **series de animación para televisión** cunha duración mínima global de 130 minutos.

d) Desenvolvemento de proxectos de pilotos de **programas para televisión** que destaquen por ofrecer formatos innovadores e alto potencial de internacionalización.

Importe máximo subvencionable:

a) 50 % do investimento subvencionable cando se trate de proxectos previstos para producir en lingua orixinal non galega.

b) 60 % do investimento subvencionable cando se trate de proxectos previstos para producir en lingua orixinal galega.

3. En todo caso, as cantidades máximas que se establecen segundo as modalidades de proxecto son as seguintes:

a) Desenvolvemento de longametraxes cinematográficas de ficción e animación: máximo 20.000 euros.

b) Desenvolvemento de longametraxes cinematográficas de documental: máximo 10.000 euros.

c) Desenvolvemento de longametraxes e miniserias de ficción para televisión: máximo 15.000 euros (longametraxes) ou 20.000 euros (miniserias).

d) Desenvolvemento de series de animación para televisión: máximo 20.000 euros.

e) Desenvolvemento de pilotos de programas para televisión: máximo 10.000 euros.

Referencia lexislativa:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160613/AnuncioG1097-300516-0001_gl.html

PREMIOS SMART COMMERCE DE GALICIA 2016

(PRAZO DE SOLICITUDE: REMATA 21 DE AGOSTO 2016)

Categorías

- a) Premio Smart Commerce Galicia, cunha contía de 2.000 euros, na cal se incluírá o premio correspondente á provincia.
- b) Premio Smart Commerce Provincial, cunha contía de 1.500 euros por provincia.
- c) Premio e-Commerce, cunha contía de 1.000 euros.
- d) Premio Social Commerce, cunha contía de 1.000 euros.

Criterios de valoración

1. Para as categorías Premio Smart Commerce Galicia e Premio Smart Commerce Provincial os criterios que se empregarán para a valoración das candidaturas serán, cun máximo de 60 puntos, os seguintes:

- a) Servizo e atención ao cliente: servizos á disposición do cliente, dispoñibilidade de servizos adicionais ou complementarios, accións de fidelización e campañas de promoción, presenza en redes sociais e outros métodos de contacto co cliente. Ata 15 puntos.
- b) Xestión: ferramentas de xestión empregadas, a utilización de elementos innovadores /TIC no punto de venda, a procura de novos mercados e o grao de integración das canles en liña e fóra de liña do comercio. Ata 15 puntos.
- c) Espazo físico do establecemento: características da tenda en canto a innovación en materia de imaxe, decoración e interiorismo. Ata 10 puntos.
- d) Produto: tipo de produto, grao de innovación no mix comercial da zona e o deseño e funcionalidade do packaging utilizado. Ata 10 puntos.
- e) Compromiso: implantación de medidas concretas de accesibilidade, de sustentabilidade, de carácter social e de cooperación intra e intersectorial. Ata 10 puntos.

2. Para a categoría Premio e-Commerce os criterios que se empregarán para a valoración das candidaturas serán, cun máximo de 60 puntos, os seguintes:

- a) Deseño, innovación e orixinalidade da páxina web. Ata 20 puntos.
- b) Facilidades de compra (manexabilidade da páxina web, rapidez dos envíos, facilidades para o cambio ou devolución). Ata 20 puntos.
- c) Adaptabilidade a dispositivos móbiles. Ata 10 puntos.
- d) Deseño e funcionalidade do packaging dos envíos. Ata 10 puntos.

3. Para a categoría Premio Social Commerce os criterios que se empregarán para a valoración das candidaturas serán, cun máximo de 60 puntos, os seguintes:

- a) Número de redes sociais en que está presente. Ata 10 puntos.
- b) Calidade e orixinalidade dos perfís. Ata 20 puntos.
- c) Referencias do perfil noutros medios de comunicación ou influencers. Ata 10 puntos.
- d) Superar os 3.000 seguidores ou «gústame» do perfil. 20 puntos.

Información ás persoas interesadas

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Comercio a través dos distintos medios:

- a) Na guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.es>
- b) Páxina web oficial da Consellería de Economía, Emprego e Industria: <http://ceei.xunta.gal/portada>, ou no Portal do comerciante <http://portaldocomerciante.xunta.es>
- c) Nos teléfonos 981 54 55 91 ou 981 54 55 94 da Dirección Xeral de Comercio.
- d) No correo electrónico cei.dxc@xunta.es
- e) Presencialmente, na Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía, Emprego e Industria; Edificio Administrativo San Caetano, 3º andar, 15071 Santiago de Compostela.

Enlace as bases do concurso:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160621/AnuncioG0424-080616-0003_gl.html

AXUDAS PARA A PLANTACIÓN DE CASTAÑO

(PRAZO DE SOLICITUDE: REMATA 27 DE XULLO 2016)

Beneficiarios:

1. As sociedades de fomento forestal, os propietarios particulares de forma individual, as sociedades ou agrupacións de propietarios particulares legalmente constituídas e inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia, as cooperativas agrarias, os pro-indivisos, os de varas, abertais, de voces, de vocerío e fabeo, as comunidades de bens, as entidades locais, outras persoas xurídicas ou as comunidades de montes veciñais en man común (CMVMC).

Intensidade da axuda

A intensidade de axuda para estas actuacións será do **80 %**, e a axuda calcularase sobre o **custo real subvencionable do investimento** determinado, IVE excluído, no correspondente proxecto técnico.

Actuacións obxecto de axuda e importes máximos subvencionables

1. Gastos de plantación forestal:

- a) Estes gastos incluírán os necesarios para o tratamento da vexetación preexistente, a preparación previa do terreo, adquisición de planta, protección da planta mediante protectores, os titores e outros materiais necesarios, así como os de plantación propiamente dita.
- b) O valor máximo do investimento en euros por hectárea de actuación é o seguinte:
- O valor máximo do investimento en euros por hectárea de actuación, que se calculará aplicando os prezos máximos recollidos no anexo II, é o seguinte, segundo a densidade de plantación:
 - 100 plantas/ha (10×10): plantacións de planta enxertada: 2.200 €/plantacións de planta portaenxerto: 1.600 €/ha.
 - 69 plantas/ha (12×12): plantacións de planta enxertada: 1.800 €/plantacións de planta portaenxerto: 1.400 €/ha.
 - 50 plantas/ha (14×14): plantacións de planta enxertada: 1.500 €/plantacións de planta portaenxerto: 1.200 €/ha.

2. Primas de mantemento.

Está destinada ao coidado, mantemento, enxertía, no caso de ser necesario, e demais traballos posteriores á plantación do castiñeiro para froito que son necesarios para o logro da plantación realizada. Esta prima de mantemento, que se subvenciona con cargo ao PDR, é para **tres anualidades alternas** e a primeira debe coincidir co ano seguinte ao pagamento final da obra de plantación. O valor máximo por hectárea de actuación que se aplicará é o seguinte:

- 100 plantas/ha (10×10): plantacións de planta enxertada: 400 €.
- 69 plantas/ha (12×12): plantacións de planta enxertada: 350 €.
- 50 plantas/ha (14×14): plantacións de planta enxertada: 300 €.

Esta prima de mantemento non se concederá ás forestacións emprendidas por entidades de dereito público.

3. Infraestruturas de acompañamento, obras complementarias e cartel das plantacións

que se realicen ao abeiro desta orde. Estarán suxeitas aos seguintes condicionantes:

- a) Deberanse localizar dentro ou estremeiras coa área obxecto da plantación.
- b) O valor máximo do investimento en euros por quilómetro de actuación que se calculará aplicando os módulos recollidos no anexo II é o seguinte:
- 255,00 € por cartel (máximo subvencionable un cartel por solicitude).
 - 7.000,00 € por km de peche.
- c) A repercusión máxima por ha de actuación será a seguinte:
- Peche Euros por ha de actuación: 280,00
- d) Peche perimetral: poderá ser elixible o peche perimetral, sempre que se xustifique a súa necesidade (gando, fauna cinxética, ...) independentemente do tipo de beneficiario de que se trate. En todos os casos o peche deberá garantir a protección efectiva dunha área concreta ou de toda a superficie de actuación.

Referencia lexislativa:

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160627/AnuncioG0426-090616-0001_gl.html

PREMIOS RSE GALICIA 2015

(PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS ATA 29 DE XULLO 2016)

Beneficiarios

Requisitos das entidades candidatas

1. Poderán optar aos premios de responsabilidade social empresarial de Galicia (Premios RSE Galicia), as empresas públicas ou privadas galegas, ou que contén con centros de traballo en Galicia que, a través das súas políticas e sistemas de xestión, desenvolvan actuacións responsables nos ámbitos social, económico e/ou ambiental, demostrando así o seu compromiso activo coa sociedade, sempre que cumpran o establecido nesta orde de convocatoria.

Candidaturas

As candidaturas poderán ser presentadas polas propias empresas que opten a estes premios ou por outra entidade que as propoña. Neste último caso, a Secretaría Xeral de Emprego informará a empresa de que foi proposta como candidata e esta deberá confirmar se quere participar.

Categorías

- a) **pequena empresa:** para empresas que ocupen ata 50 persoas, inclusive.
- b) **mediana empresa:** para empresas que ocupen máis de 50 e ata 250 persoas, inclusive.
- c) **grande empresa:** para empresas que ocupen máis de 250 persoas.

Modalidades ou recoñecementos

Recoñecemento no ámbito social

1. A través desta modalidade ou recoñecemento premiaranse aqueles proxectos, medidas ou iniciativas empresariais para implantar a responsabilidade social na empresa que teñan un enfoque destacado na creación de emprego ou na promoción dunha sociedade integradora que goce de benestar social.
2. Nesta modalidade o xurado valorará especialmente aqueles proxectos, medidas ou iniciativas das empresas que contribúan:
 - a) Á creación de emprego.
 - b) Á creación de emprego de calidade.
 - c) Á formación continua e ao desenvolvemento de actuacións e habilidades das persoas para mellorar a súa empregabilidade.

- d) Ao recoñecemento da diversidade.
- e) Á procura da igualdade de oportunidades e integración social.
- f) Á adaptación dos procesos de xestión e á coordinación responsable das persoas traballadoras.

Recoñecemento no ámbito ambiental

1. A través desta modalidade ou recoñecemento premiaranse aqueles proxectos, medidas ou iniciativas empresariais, para implantar a responsabilidade social na empresa, que teñan un enfoque destacado na redución do impacto ambiental das súas actividades.
2. Nesta modalidade o xurado valorará especialmente aqueles proxectos, medidas ou iniciativas empresariais que contribúan a mellorar o ambiente mediante:
 - a) Innovacións en produtos e servizos, en sistemas ou procesos de produción, con fins ambientalmente sustentables.
 - b) Campañas de información e sensibilización, entre os grupos de interese internos e/ou externos e a sociedade en xeral.
 - c) Plans ou actuacións de eco-eficiencia no consumo de enerxía, auga e recursos naturais.
 - d) Tratamento de residuos e outros.

Recoñecemento no ámbito económico

1. A través desta modalidade ou recoñecemento premiaranse aqueles proxectos, medidas ou iniciativas empresariais destinadas a implantar a responsabilidade social na empresa que teñan un enfoque destacado na contribución do desenvolvemento económico mediante a innovación, a calidade e a ética empresarial.
2. Nesta modalidade o xurado valorará especialmente aqueles proxectos, medidas ou iniciativas que contribúan a:
 - a) Integrar o goberno responsable na cultura da empresa.
 - b) Sistematizar as canles de diálogo entre a empresa e os distintos grupos de interese.
 - c) Dispoñer dun código ético ou similar.
 - d) Dispoñer de órganos específicos responsables de velar pola adopción e aplicación efectiva de programas en materia de RSC.

- e) Compatibilizar as mellores e máis innovadoras tecnoloxías dispoñibles coa viabilidade empresarial.
- f) Levar a cabo os investimentos con criterios de responsabilidade empresarial.

Recoñecemento no ámbito da conciliación laboral, familiar e persoal e promoción da igualdade de xénero

1. A través desta modalidade ou recoñecemento premiaranse aqueles proxectos, medidas ou iniciativas empresariais para implantar a responsabilidade social na empresa que teñan un enfoque que propicie a conciliación laboral, familiar e persoal e introduzan medidas de usos do tempo que faciliten que o seu persoal poida organizarse mellor, ao tempo que se mellora a organización empresarial. Tamén se premiará nesta epígrafe a promoción da igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos relacionados coa actividade da empresa.

2. Nesta modalidade o xurado valorará especialmente aqueles proxectos, medidas ou iniciativas tales como:

- a) Medidas de usos do tempo que faciliten que o seu persoal poida organizarse mellor e que incidan na mellora da organización empresarial.
- b) Promoción da igualdade efectiva entre homes e mulleres en todos os ámbitos relacionados coa actividade da empresa.

- c) A reorganización de tempos e espazos, como salas de repouso para mulleres embarazadas.
- d) Recursos e estruturas para o coidado doutras persoas.
- e) Medidas que posibiliten o desenvolvemento persoal.
- f) Modificación de roles entre mulleres e homes que posibiliten a implicación de ambos coa familia, co fogar ou co traballo.
- g) Promoción interna nos niveis en que as mulleres estean en menor proporción cós homes.
- h) Garantía de igualdade retributiva.
- i) Apoio explícito ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- j) Emprego de mozas.
- k) Presenza de mulleres nos órganos de goberno e administración da empresa e outras similares.
- l) Desenvolvemento de medidas innovadoras para a conciliación tales como teletraballo, flexibilidade horaria, sistemas de compensación de días e horas, xornadas intensivas ou comprimidas, permisos especiais para situacións de emerxencia, xornadas especiais en períodos de vacacións escolares.

Bases

http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2016/20160629/AnuncioG0424-150616-0005_gl.html